

XEPDAC

Xornadas Europeas do Patrimonio da Deputación da Coruña

do **30**
setembro
ao **5**
outubro

Patrimonio Arquitectónico: fiestas ao pasado, portas ao futuro

As Xornadas Europeas do Patrimonio é un programa cultural referente no continente. O Consello de Europa lanzou a iniciativa en 1985 e, en 1999, xuntouse a Unión Europea para crear unha acción conxunta.

O tema escollido para este ano é **“Patrimonio Arquitectónico: fiestas ao pasado, portas ao futuro”**. Este punto de vista permítenos salientar o valor do noso patrimonio arquitectónico como legado histórico e motor de futuro. Cada edificación é unha fiestra que nos asoma ao pasado, conectándonos coas xeracións que as concibiu, revelando as súas vidas, coñecementos e aspiracións. Esta conexión afonda na nosa identidade colectiva.

Ademais, o patrimonio arquitectónico constitúe unha porta aberta cara ao futuro. A súa conservación é fundamental para garantir a transmisión de saberes e historias, inspirando os desafíos actuais e vindeiros. Ao protexer e promover a nosa arquitectura, salvagardamos a memoria e sentamos as bases para un desenvolvemento sostible.

Explorando estas “fiestas e portas”, descubrimos tamén a riqueza e a relevancia da arquitectura coruñesa na construción da nosa identidade e proxectándoa cara ás xeracións futuras.



Martes / **30** setembro

VIRAVOLTA TEATRO — *O Galo Quirico e os seus amigos*

- 📍 Pazo de Mariñán – Bergondo
- 🕒 Mañá (Actividade para alumnado)



Mércores / **1** outubro

PACO NOGUEIRAS — *C@nto Contigo*

- 📍 Forno do Forte – Malpica de Bergantiños
- 🕒 Mañá (Actividade para alumnado)



Xoves / **2** outubro

MARIA DA PONTRAGHA — *Un saco de contos*

- 📍 Dolmen de Cabaleiros – Tordoia
- 🕒 Mañá (Actividade para alumnado)



Venres / **3** outubro

VISITAS GUIADAS

- 📍 Central hidroeléctrica do Tambre – Noia — 11:00 e 13:00 h.
- 📍 Conservas Cerqueira – Ribeira — 12:00 e 18:00 h.
- 📍 Minas de San Finx – Lousame — 17:00 e 19:00 h.



Sábado / **4** outubro

VISITAS GUIADAS

- 📍 Faro Vilán – Camariñas — 11:00 e 13:00 h.
- 📍 Baleeira de Caneliñas – Cee — 12:00 e 18:00 h.
- 📍 Xacemento de Brandomil – Zas — 17:00 e 19:00 h.

OBRADOIRO PRÁCTICO de astrofotografía

- 📍 Monte San Bartolo – Vimianzo — 22:00 h.



Domingo / **5** outubro

VISITAS GUIADAS

- 📍 Batán de Mezonzo – Vilasantar — 11:00 e 13:00 h.
- 📍 Castelo de Mesía – Mesía — 12:00 e 18:00 h.
- 📍 Igrexa de Santo Antoniño de Toques – Toques — 17:00 e 19:00 h.